

## PROPOSTA DA XERENCIA PARA A ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

ASUNTO: CONTRATACION POLO PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN, ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAUDE, XEOTÉCNICO, E DE TELECOMUNICACIÓN VISADO, NECESARIOS PARA A REHABILITACIÓN DOS INMOBLES SITOS EN **SAN SEBASTIÁN 8,12,14**.

Con data 26 de setembro de 2008 o Presidente do Consorcio Casco Vello de Vigo, asinou a aprobación da adxudicación provisional para a redación do proxecto que figura no encabezamento a **María Beatriz González López**. En dita resolución outorgábaselle a adxudicataria provisional o prazo de 15 días hábiles contados dende o día seguinte o da publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante para aportar a documentación a que se refire a cláusula 10.6 do prego de cláusulas administrativas que rexe no presente concurso.

A publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante do Consorcio Casco Vello de Vigo, tivo lugar o día 06 de outubro polo que o prazo outorgado finalizaba o día 23 de outubro. Por outro lado foron informados da adxudicación provisional, a través da oportuna notificación todos e cada un dos licitadores que presentaron ofertas.

O adxudicatario provisional, **María Beatriz González López** presentou en tempo e forma a documentación referida no apartado anterior, e por parte dos demais licitadores non houbo ningún tipo de observación respecto da adxudicación provisional.

En consecuencia, a esta Xerencia, propón ao Sr. Presidente do Consorcio Casco Vello de Vigo, órgano de contratación no procedemento negociado sen publicidade en trámite, a adopción da seguinte,

### RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: Aprobar a adxudicación definitiva da contratación polo procedemento negociado sen publicidade para a redación do proxecto básico e de execución, estudio de seguridade e saúde, xeotécnico, e de telecomunicación visado, necesarios para a rehabilitación dos inmobles sitos en **San Sebastián, 8,12,14** a **María Beatriz González López** con NIF36078264G e domicilio na rúa Cacharela, 48, CP 36216 en Redondela-Pontevedra, nas condicións indicadas na súa proposta e por importe de 22.960,00€ € mais o IVE de 3.673,6 euros, o que fai **un total de vinte e seis mil seiscentos trinta e tres euros con sesenta centimos . ( 26.633,60€ )** por considerar que é a oferta é mais ventaxosa para os intereses do Consorcio Casco vello de Vigo.

SEGUNDO: Que se faga pública a resolución de adxudicación definitiva no perfil do contratista do Consorcio Casco Vello de Vigo, o día de 10 de novembro de 2008 para coñecemento xeral, así como a notificación a todos os licitadores. Posteriormente, e no prazo establecido, procédase á formalización do contrato en documento administrativo ao que se unirá o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescipcións técnicas asinadas polo adxudicatario no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte o da notificación da adxudicación definitiva, constituído dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

En Vigo, a 07 de novembro de 2008

O Xerente do Consorcio

Alfonso Ramos Covelo

### DECRETO:

Esta Presidencia, no uso das atribucións que lle confire o artigo 12.e dos estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo, examinada a proposta formulada pola Xerencia, RESOLVE favorablemente á mesma.

O manda e asina o Sr. Presidente , en Vigo a 07 de novembro de 2008, ante min, secretaria que certifico.

A Secretaria

O Presidente

Marta Riobó Ibáñez

Santiago Xosé Domínguez Olveira.